

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 158 20-26 MAIO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 e-mail: imaxenova@imaxenova.com

XORNADA SOBRE O TURISMO DE GOLF

O Balneario de Mondariz reúne expertos mundiais na comercialización turística dos campos de golf

A delegada provincial da Consellería de Innovación e Industria en Pontevedra, Montserrat Prado, inaugurará, o vindeiro venres, no Balneario de Mondariz, a I Xornada Internacional de Turismo de Golf, que reunirá varios expertos na comercialización desta modalidade turística en auxe en Galiza. Así, ao longo de distintos relatorios analizarase o impacto económico do Turismo de golf, por un lado, e o modo de desenvolver o Turismo de golf en Galiza proxecendo ao mesmo tempo os intereses dos socios dos clubs de golf existentes. Pola tarde, tras un relatorio sobre "O futuro do Turismo de golf en España" e outro sobre "Estratexias para o desenvolvemento do Turismo de golf en Galicia", terán lugar unha mesa redonda e un coloquio. Esta xornada de traballo é unha das iniciativas organizadas pola Federación Galega de Golf no marco dun convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Turismo, que ten como obxectivo a promoción do golf como produto turístico de Galiza.



O golf, un produto turístico en auxe en Galiza.

Considérase, pois, que o golf, que experimentou nos últimos anos un importante aumento da súa oferta de campos abertos a usuarios temporais, é un referente turístico de seu, que orixina novos fluxos cara a Galiza, ademais de dotar o territorio galego dunha oferta complementaria que axuda á desestacionalización do Turismo. É por isto polo que o convenio con **TURGALICIA** contempla, ademais, a formación de axentes profesionais para a correcta comercialización exterior dos campos de golf.

TURGALICIA participa na presentación do destino Ferrol-Ortegal en Expovacaciones

O director-xerente de **TURGALICIA**, Xesús Pereira, cualificou a oferta turística do destino Ferrol-Ortegal como unha das que conta "con máis potencial de desenvolvemento" de Galiza, e salientou as súas posibilidades en todos os ámbitos relacionados coa costa e o interior, durante o acto de presentación deste destino na feira Expovacaciones de Bilbao, o pasado día 16 de maio. Arredor de 50 operadores turísticos, hostaleiros, provedores do sector turístico e xornalistas especializados



acudiron ao acto, organizado por **TURGALICIA** e a dirección do Plan de Dinamización do Produto Turístico Ferrol-Ortegal, no stand institucional de Galiza. Nel,

proxectouse un adiovisual, elaborado polo PDPT, cuxos programas foron presentados polo vicepresidente da Deputación da Coruña, Pablo Villamar.